

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE RIBADEO

DEPARTAMENTO DE ALEMÁN



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2023-2024

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1 Marco legal	4
1.2 Contexto educativo	5
2. NIVEL BÁSICO A1 e A2	6
2.1 Descrición do nivel	6
2.2 Obxectivos	7
2.3 Competencias e contidos	9
2.4 Criterios de avaliación	14
3. NIVEL AVANZADO C1	18
3.1 Descrición do nivel	18
3.2 Obxectivos	19
3.3 Competencias e contidos	21
3.4 Criterios de avaliación	26
4. TEMPORALIZACIÓN	29
4.1 Nivel Básico A1	29
Bloque 1: Avaliación de febreiro	29
Bloque 2: Avaliación de xuño	43
4.2 Nivel Básico A2	56
Bloque 1: Avaliación de febreiro	56
Bloque 2: Avaliación de xuño	67
4.3 Nivel C1.2	76
Bloque 1: Avaliación de febreiro	76
Bloque 2: Avaliación de xuño	79
6. METODOLOXÍA	84
7. RECURSOS	84
7.1 Humanos	84
7.2 Espaciais	84
7.3 Materiais	85
7.4 Dixitais/en liña	86
8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	89
9. AVALIACIÓN	89
9.1 Avaliación inicial ou de diagnóstico (todos os niveis)	90
9.2 Avaliación de progreso ou formativa (todos os niveis)	90
9.3 Avaliación de promoción (nivel A1)	91
9.4 Avaliación certificadora (niveis A2, e C1.2)	91
a) Nivel básico A2	91

b) Nivel avanzado C1.2	92
9.5. Autoavaliación (todos os niveis)	93
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	93
10.1 Participación do departamento de alemán na biblioteca escolar	93
10.2 Calendario de actividades complementarias	93

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Marco legal

Tomamos como referencia os documentos legislativos vixentes onde se especifican as directrices docentes da nosa materia:

- **Lei orgánica 2/2006**, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e que establece que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado, que se corresponderán cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL).

- **Orde do 8 de setembro de 2008** pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación . DOG do 26 de setembro de 2008. (CORRECCIÓN de erros, DOG do 23 de outubro de 2008.) (MODIFICADA POLA ORDE do 19 de abril de 2012, DOG do 30 de abril de 2012.)

- **Orde do 5 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. DOG do 18 de agosto de 2011.

- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro , polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

- **Resolución do 10 de maio de 2012** pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 28 de maio de 2012. (MODIFICADA POLA RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2014, DOG do 8 de xaneiro de 2015.)

- **Real decreto 1041/2017**, do 22 de decembro, fixa as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas regulados pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na que se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

- **Decreto 81/2018**, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 6.2. dispónse que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.

- **Real Decreto 1/2019**, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

- **Circular 7/2021** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime libre para o curso 2021/22.

- **Instrución 1/2022** , da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o

curso 2022/23.

- **Circular 2/2022** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime oficial para o curso 2021/22.

-**Resolución do 25 de maio de 2022** , da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2022/23. DOG do 7 de xuño de 2022

- **ORDE do 29 de xullo de 2022** pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2022/23.

- **Guía curricular para a elaboración das programacións didácticas das EEOOII**, elaborada de acordo co apartado 18 da [Circular 3/2018, pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa](#), dirixida ao profesorado das EOI e que ten como finalidade servir de base para a elaboración das programacións didácticas do departamento e das programacións de aula.

A información actualizada referente á normativa en vigor pode consultarse no portal educativo da Xunta de Galicia a través do seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1537>

Tamén se terán en conta os seguintes documentos relacionados coas linguas estranxeiras:

- Marco Común Europeo de referencia para as linguas (MCERL).
- Portfolio europeo das linguas (PEL).

1.2 Contexto educativo

O noso centro conta cunhas características peculiares: Ribadeo está máis preto de Asturias que de moitos puntos da nosa comunidade, polo que gran parte do noso alumnado asiste a aulas desde a comunidade veciña, por estar o idioma alemán só dispoñible nas escolas de Avilés, Oviedo e Xixón. Na comunidade galega as escolas máis próximas nas que é posible estudar alemán son Viveiro e Lugo. A nosa escola abrangue unha zona moi ampla, mais o número de alumnos non é moi elevado, polo que se trata dunha escola pequena. Na provincia de Lugo - en especial na Mariña Lucense - hai un especial interese polo estudo da lingua alemá debido, entre outros, ao forte impacto económico que teñen o turismo e o Camiño de Santiago.

O noso departamento conta cunha única profesora: Blanca Sánchez Sampedro, que asume a docencia dos tres grupos oficiais que se ofertan: A1, A2, C1.2, así como tamén das dúas competencias ofertadas: Competencias orais B1/B2, Competencias orais C1, á vez que tamén asume as funcións da xefatura de departamento.

2. NIVEL BÁSICO A1 e A2

2.1 Descrición do nivel

Segundo o Artigo 3 do Decreto 81/2018, as ensinanzas de nivel básico A do idioma alemán desenvolveranse ao longo de dous cursos académicos, cunha duración total de 240 horas - distribuídas en 120 horas para o nivel A1 e 120 horas para o nivel A2 respectivamente.

O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non se poidan comprender de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

A1	A2
<p>Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.</p> <p>Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas</p>	<p>Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.</p> <p>Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, especialmente se contan con apoio visual.</p>

relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.

Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiás ou con información persoal moi básica.

Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiás e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiás ou con información persoal básica.

2.2 Obxectivos

A1	A2
Actividades de comprensión de textos orais	
<p>Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.</p> <p>Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.</p> <p>Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiás, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.</p>	<p>Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiás, e identificar un cambio de tema.</p> <p>Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.</p> <p>Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos orais	
<p>Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.</p>	<p>Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á</p>

<p>Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.</p> <p>Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p> <p>Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.</p> <p>Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>situación e ás persoas interlocutoras.</p> <p>Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p>Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.</p> <p>Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.</p> <p>Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>
Actividades de comprensión de textos escritos	
<p>Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.</p> <p>Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiáns que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.</p> <p>Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.</p> <p>Comprender información relevante en noticias moi breves que contan con apoio visual.</p> <p>Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>	<p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.</p> <p>Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.</p> <p>Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.</p> <p>Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	
<p>Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.</p> <p>Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiáns e de inmediata necesidade.</p> <p>Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.</p> <p>Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto</p>	<p>Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.</p> <p>Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.</p> <p>Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.</p>

escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.	Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.
Actividades de mediación	
<p>Transmitirle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.</p> <p>Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.</p> <p>Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.</p>	<p>Transmitirle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiás, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.</p> <p>Transmitirle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.</p> <p>Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial.</p> <p>Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.</p> <p>Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).</p>

2.3 Competencias e contidos

I. Socioculturais e sociolingüísticos	
<p>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.</p>	
A1	A2
<p>Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...</p>	<p>Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co</p>

Condições de vida: vivenda, transporte...

Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares

Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá

traballo, actividades de lecer...

Condições de vida: vivenda, condicións laborais, transporte...

Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...

Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...

II. Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

A1 e A2

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensaiar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.

- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

III. Funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

A1	A2
<p>Usos sociais da lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar a alguén. - Dirixirse a alguén. - Pedir desculpas. - Agradecer. - Felicitar. - Convidar. - Interesarse por persoas. <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e incomprensión. - Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir). - Preguntar o significado dunha palabra <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir e dar información sobre datos persoais. - Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. - Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa. - Indicar posesión. - Indicar onde e cando o corre algo. - Referirse a accións cotiás presentes. <p>Opinións e valoracións:</p>	<p>Usos sociais da lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar a alguén. - Dirixirse a alguén. - Pedir desculpas. - Agradecer. - Felicitar. - Convidar. - Interesarse por persoas. - Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación. - Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela. <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e falta de comprensión. - Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. - Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir persoas, obxectos e lugares. - Referirse a accións e situacións presentes e pasadas. - Expoñer proxectos e formular hipóteses. <p>Opinións e valoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorar un feito.

- Expresar intereses, preferencias e gustos.
- Afirmar e negar algo.
- Mostrar acordo e satisfacción.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

- Expresar sensacións físicas e sentimentos.

Petición de instrucións e suxestións:

- Pedir axuda, obxectos e servizos.
- Invitar, e reaccionar adecuadamente.

- Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

- Expresar estados de ánimo.

Petición de instrucións e suxestións:

- Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.
- Suxerir unha actividade.

IV. Discursivos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

A1

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Formularios
- Listaxes
- Horarios
- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Dicionarios
- Folletos informativos ou publicitarios
- Notas e mensaxes

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara.
- Conversas telefónicas moi sinxelas

A2

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios
- Formularios
- Listaxes
- Etiquetas de produtos e embalaxes
- Folletos informativos ou publicitarios
- Biografías
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Axendas e diarios
- Textos sinxelos e breves
- Informacións meteorolóxicas
- Notas e mensaxes
- Instrucións sinxelas
- Programacións de radio e televisión
- Recetas de cociña moi sinxelas
- Carteleiras de espectáculos

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas sinxelas
- Instrucións e anuncios
- Presentacións públicas

V. Sintácticos

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

A1 e A2

- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos
- O posesivo. Formas e usos
- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais
- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos
- As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos

VI. Léxicos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

A1 e A2

- Actividades cotiás: hábitos e horarios...
- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián...

- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...
- Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- Educación: material e actividades da aula, centros de ensino...
- Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas...
- Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo...
- Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais...
- Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...

VII. Fonético-fonolóxicos e ortográficos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

A1 e A2

- O alfabeto
- Correspondencia entre grafías e fonemas
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos
- A entoación
- O acento. Regras básicas de acentuación
- Recoñecemento e produción dos tons
- Estrutura silábica
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente
- Orde dos trazos dos caracteres
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas
- Ortografía do vocabulario máis usual
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

2.4 Criterios de avaliación

A1	A2
Actividades de comprensión de textos orais	
Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando	Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto,

os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.

extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.

Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte

Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa

moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

interlocutora.

Actividades de comprensión de textos escritos

Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.

Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.

Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.

Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.

Actividades de mediación

É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica, aplicando as estratexias

Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emissores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

3. NIVEL AVANZADO C1

3.1 Descrición do nivel

Segundo o Artigo 3 do Decreto 81/2018, as ensinanzas de nivel avanzado C1 do idioma alemán desenvolveranse ao longo de dous cursos académicos, cunha duración total de 240 horas - distribuídas en 120 horas para o nivel C1.1 e 120 horas para o nivel C1.2 respectivamente.

O alumnado que supere o nivel avanzado C1 poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e dun repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel C1, o alumnado será capaz de:

C1

Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

Producir e coproducir independentemente do soporte, textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos nos devanditos ámbitos, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, e rematando cunha conclusión apropiada, utilizando para iso, de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación do texto complexas, mostrando control

de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado que inclúan a ironía, o humor e a carga afectiva.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

3.2 Obxectivos

C1

Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para transmitir oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles

confusións.

3.3 Competencias e contidos

I. Socioculturais e sociolingüísticos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

C1

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

II. Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

C1

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- **Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- **Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- **Regular e autoavaliar** o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- **Utilizar** todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- **Repetir, recoñecer e usar** modelos de lingua etc.
- **Relacionar** a información nova con coñecementos previos.
- **Deducir** e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- **Resumir** para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a

comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Activar e procurar** coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...
- **Informarse**, se hai axudas visuais etc.
- **Identificar** o tipo de texto para adaptalo á audiencia.
- **Tomar** conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- **Establecer** hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- **Restablecer** e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- **Reformular** hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- **Asegurar** a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- **Solicitar** repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- **Recoñecer** as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

III. Funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

C1

Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos

como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, lelicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, excusar, lamentar, reprochar...

IV. Discursivos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

C1

Traballarse a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- *Podcasts*
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarse a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

V. Sintácticos

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

C1

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde.
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións, etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos.

VI. Léxicos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

C1

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

- **Alimentación:** tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...
- **Bens e servizos:** inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...
- **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...
- **Compras e actividades comerciais:** actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...
- **Cultura e actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...
- **Economía e industria:** finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...

- Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...
- Goberno, política e sociedade:** organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...
- Identidade persoal:** dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...
- Información e medios de comunicación:** prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...
- Lecer e tempo libre:** xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...
- Relacións persoais e sociais:** relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...
- Relixión e filosofía:** correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...
- Saúde, coidados físicos e atención sanitaria:** estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...
- Traballo e actividades profesionais:** tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...
- Viaxes e estancias no estranxeiro:** turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro...
- Vivenda, fogar e contorna:** tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...
- Xeografía, natureza e medio rural:** accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

VII. Fonético-fonolóxicos e ortográficos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

C1

Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

- A énfase
- A entoación e os cambios de ton
- Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)
- Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas

- Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...)
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación
- O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas
- As convencións de distribución e organización do texto
- As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común

3.4 Criterios de avaliación

C1

Actividades de comprensión de textos orais

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

É **capaz** de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

Actividades de produción e coprodución de textos orais

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluindo adecuadamente.

Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.

É **quen de** iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fio da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).

Sabefacer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p.e. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Actividades de mediación

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).

Sabecitar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como

todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

4. TEMPORALIZACIÓN

As unidades didácticas que a continuación se recollen entenderanse como un documento orientativo e flexible, e poderán ser sometidas a modificacións se as circunstancias dos grupos así o requiren.

4.1 Nivel Básico A1

Bloque 1: Avaliación de febreiro

UNIDADE 1			
TÍTULO: Hallo, ich bin Nicole...			
NIVEL	Básico A1	2 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Presentarse: Saúdos, nomes e apelidos, a procedencia - O alfabeto <ul style="list-style-type: none"> ● Obxectivos comunicativos: - Saudarse e despedirse - Presentarse e presentar a outra persoa - Preguntar polo estado de alguén e expresar o propio - Informar sobre a procedencia - Soletrear un nome - Nomes propios alemáns - Fórmulas de saúdo e despedida dos diferentes países de lingua alemá - Preguntas sobre datos persoais - Producir diálogos sinxelos de presentación (oral e escrito) - Entender diálogos de saúdo introdutorio - Familiarizarse con apelidos alemáns - Familiarizarse con diferentes maneiras de saudar en D-A-CH - Expresar benestar/malestar - Preguntar por unha información non entendida - Expresar exclamacións que indican sorpresa - Observar as posibles entoacións do saúdo 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	<ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse - Uso do tuteo: discernir situacións onde é conveniente o uso do „Sie“ fronte ao „Du“ - Personaxes famosos do mundo da política, do espectáculo, do deporte... 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a aprendizaxe de vocabulario: Aprender de memoria as preguntas e as respostas correspondentes - Estratexias para a comprensión auditiva: Ler primeiro as preguntas e logo escoitar a audición - Tipos de texto: - Diálogos de presentación 	<ul style="list-style-type: none"> - Determinar de que país procede unha peza musical. - Practicar pequenos diálogos para intercambiar información persoal - Adiviñar personaxes famosas
	IV- Discursivos	V- Gramaticais /fonéticos	VI- Léxicos

	- Diálogos de presentación.	- Observar a entoación e melodía de oracións enunciativas e interrogativas Conxugación en presente en singular dos verbos „ <i>heißen</i> “ e „ <i>kommen</i> “ - Conxugación do verbo „ <i>sein</i> “ en singular - Pronomes persoais en nominativo - A preposición „ <i>aus</i> “ - Sintaxe: - Oracións enunciativas e interrogativas con pronomes interrogativos (<i>W-Fragen: Wie, Woher, Wer...?</i>) - A colocación dos elementos na oración	-Fórmulas de saúdo e despedida - Países - Datos persoais - Linguaxe para a aula - Frases e expresións útiles
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - Sabe presentarse - Pode intercambiar información básica sobre a súa identidade e procedencia - Pode referirse a persoas coñecidas 			

UNIDADE 2			
TITULO: Ich bin Journalistin			
NIVEL	Básico A1	2 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Facer unha suposición - Preguntar por e informar sobre a profesión e o estado civil - Preguntar e dicir a idade - Preguntar e expresar o lugar de residencia - Encher unha ficha con datos persoais (nome e apelidos, procedencia, dirección, profesión, idade ...) - Nomes de profesións - Os números cardinais do 0 ao 100 - Tarxetas de visita - Fichas de datos persoais / <i>Steckbriefe</i> - Un perfil en internet - Adxectivos e adverbios relativos ao estado civil - Datos de tipo persoal: <i>Wohnort, Herkunft</i> 		
COMPETENCIAS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
E CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Extraer información dunha tarxeta de visita - Referencia ás cidades alemás de Berlin e Bonn 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de comprensión escrita: Ler primeiro a tarefa e marcar as partes 	<ul style="list-style-type: none"> - Facer un póster con información sobre as actividades profesionais e relacionalas coas persoas

		importantes do texto - Estratexias para memorizar vocabulario novo: Facer fichas co vocabulario novo, apuntar frases de exemplo	correspondentes - Lerlle a un compañeiro información sobre outras persoas da clase
	IV- Discursivos	V- Gramaticais /fonéticos	VI- Léxicos
	<ul style="list-style-type: none"> - Tarxetas de visita - Perfíles de internet con datos persoais - Textos biográficos curtos 	<ul style="list-style-type: none"> - -Conxugación en presente dos verbos „machen“, „arbeiten“, „wohnen“ e „leben“ - Conxugación dos verbos „sein“ e „haben“ - As preposicións „als“, „bei“, „in“ - A negación con „nicht“ e a súa colocación na oración - A formación do feminino en substantivos de profesións - O sufixo „-in“ - Poñer atención aos posibles cambios fonéticos e fonolóxicos: p. ex: o „Umlaut“ - Sinalar a sílaba tónica dunhas palabras 	<ul style="list-style-type: none"> - Os números cardinais do 1 ó 100 - Profesións - Adxectivos e adverbios relativos ó estado civil - Datos de tipo persoal: <i>Wohnort, Herkunft...</i>

AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES

- Sabe facer unha suposición
- Pode preguntar e informar sobre a profesión e o estado civil
- Sabe preguntar e dicir a idade
- É quen de informar e preguntar sobre o lugar de residencia
- Pode cubrir unha ficha sobre información persoal básica

UNIDADE 3

TÍTULO: *Das ist meine Mutter*

NIVEL	Básico A1	2 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Presentar a un membro da familia ou a un amigo - Expresar relacións de parentesco - Preguntar pola identidade dunha persoa - Informar sobre o estado civil 		

	<ul style="list-style-type: none"> - Encher unha breve ficha con datos persoais - Entender preguntas sobre datos persoais - Comprensión de fichas de datos persoais / Steckbriefe - Falar sobre coñecementos de idiomas 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	<ul style="list-style-type: none"> - Suíza e a súa variedade lingüística 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexia para a produción oral: Aprender de memoria frases sobre un mesmo como axuda para o „Smalltalk“ - Estratexia para apuntar verbos con cambio de vogal 	<ul style="list-style-type: none"> - Representar diálogos parecidos aos do guión - Completar unha árbore xenealóxica - Entrevistar a un compañeiro acerca dun familiar e recoller a información - Determinar nun mapa as diferentes rexións lingüísticas de Suíza - Facer unha estatística sobre que idiomas se falan no curso - Escribir apuntes verdadeiros e falsos sobre unha persoa e buscar a información falsa interactuando cun compañeiro
	IV- Discursivos	V- Gramaticais /fonéticos	VI- Léxicos
	<ul style="list-style-type: none"> - Diálogos de presentación - Guión cinematográfico - Árbore xenealóxica - Fichas de datos persoais - Textos biográficos 	<ul style="list-style-type: none"> - Adverbios de modo: <i>ein bisschen, gut...</i> - Contidos gramaticais: - Conxugación en presente do verbo „sprechen“ - Os pronomes persoais en nominativo - Os determinantes posesivos en nominativo „mein“, „dein“ - Sintaxe: - Preguntas pechadas / <i>Ja/Nein – Fragen</i> - A resposta con „Doch“ - A colocación dos elementos na oración - Comparar a melodía e entoación das oracións interrogativas co pronome interrogativo fronte as preguntas pechadas - Observar a entoación da muletilla „oder?“ 	<ul style="list-style-type: none"> - Membros da familia - Idiomas e nacionalidades - Adverbios de modo: <i>ein bisschen, gut</i> ...
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - Sabe presentar a un membro da familia ou amigo - Pode expresar relacións de parentesco - Sabe informar sobre o estado civil - Pode entender preguntas sobre datos persoais. 			

UNIDADE 4 TÍTULO: <i>Der Tisch ist schön</i>			
NIVEL	Básico A1	2 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Preguntar polo prezo de algo e dicir o prezo de algo - Valorar o tamaño, o prezo e o estilo dun moble - Expresar a procedencia de algo - Preguntar polo significado dunha palabra - Descrición dun moble 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	<ul style="list-style-type: none"> - -Emprego de „<i>bitte</i>“ e „<i>danke</i>“ 	<ul style="list-style-type: none"> - -Estratexia para a comprensión escrita: Marcar no texto as preguntas con „<i>W</i>“: „<i>Wer, Was, Wo, Wie, Wie viel, ...</i>“ - Estratexia para memorizar os artigos dos substantivos: Apuntar os substantivos sempre co seu artigo correspondente e en cor - Estratexia para memorizar novo vocabulario, comparándoo con outros idiomas 	<ul style="list-style-type: none"> - Preguntar polo prezo de algo - Indicar o prezo de algo - Valorar o prezo, o tamaño e o estilo dun moble - Expresar a procedencia de algo - Preguntar polo significado dunha palabra - Comprender a descrición dun moble
	IV- Discursivos	V- Gramaticais /fonéticos	VI- Léxicos
	<ul style="list-style-type: none"> - Conversas nunha tenda de mobles - E-Mails sobre o tema mobles e prezos 	<ul style="list-style-type: none"> - O artigo determinado „<i>der, das, die</i>“ - Os pronomes persoais de 3ª persoa do singular en nominativo: „<i>er, es, sie</i>“ - Contidos fonéticos: - Observar a pronuncia das vogais longas e curtas e completar a regra 	<ul style="list-style-type: none"> - Mobles - Outros obxectos domésticos habituais - Números cardinais do 100 ao 1.000.000
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - Pode preguntar e informar sobre o prezo de algo - Pode valorar o tamaño e o prezo dun moble - Sabe expresar a procedencia de algo - Sabe describir un moble - É quen de preguntar polo significado dunha palabra. 			

UNIDADE 5			
TÍTULO: Was ist das?- Das ist ein "F"-			
NIVEL	Básico A1	2 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Facer unha suposición - Expresar non ter entendido algo e preguntar polo significado dunha palabra - Preguntar por un obxecto e describilo - Identificar un obxecto - Preguntar como se escribe unha palabra - Deletrear unha palabra - Pedir que se repita algo - Utilizar fórmulas de cortesía - Dar as grazas - Encher a solicitude dun pedido - Nomes de obxectos de uso habitual - Folletos con descrición dun produto 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	<ul style="list-style-type: none"> - Encher unha folla de pedido - Referencia ao rei Luís II de Baviera 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexia para a produción escrita (encher un formulario): Poñer atención a palabras importantes como: <i>Ort, Postleitzahl,...</i> - Estratexia para memorizar vocabulario novo: Representar palabras novas con debuxos - Estratexia para memorizar novo vocabulario, comparándoo con outros idiomas 	<ul style="list-style-type: none"> - Facer unha suposición - Preguntar significados de palabras - Preguntar por obxectos e produtos - Preguntar como se escribe unha palabra - Deletrear - Expresar a non comprensión - Pedir que se repita algo - Utilizar formas de cortesía - Agradecer algo
	IV- Discursivos	V- Gramaticais /fonéticos	VI- Léxicos
	<ul style="list-style-type: none"> - Descricións dun produto - Pedido de produtos online (formulario) - Extracto dun cómic 	<ul style="list-style-type: none"> - O artigo indeterminado „<i>ein, eine, ein</i>“ - A negación con „<i>kein</i>“ - Observar o acento, melodía e entoación dunhas oracións enunciativas e interrogativas 	<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos de uso habitual - Cores - Formas - Materia - Obxectos, produtos: Obxectos de uso habitual, cores, formas, materiais
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - Pode facer unha suposición - Sabe expresar que non entendeu algo e preguntar polo significado dunha palabra - Sabe deletrear unha palabra e preguntar como se escribe - Pode pedir que se repita algo que non entendeu - Sabe dar as grazas 			

UNIDADE 6 TÍTULO: Ich brauche kein Büro			
NIVEL	Básico A1	2 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar o gusto polo lugar de traballo - Saudar, identificarse ao teléfono e despedirse - Preguntar polo número e a cantidade de algo - Preguntar pola localización dun obxecto - Dicir que alguén ten ou posúe algo - Encher un cuestionario - Glosario á medida de palabras útiles para o traballo - Conversas telefónicas breves relativas ao traballo - Nomes de obxectos nunha oficina - Mensaxes nun E-Mail 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	<ul style="list-style-type: none"> - Sacar citas e tarefas de traballo de correos - Estruturar unha chamada telefónica 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexia para memorizar novo vocabulario, comparándoo con outros idiomas - Estratexia para a comprensión oral: Poñer atención ás persoas e á situación: Quen fala con quen? As imaxes axudan a comprender. - Estratexia para memorizar o vocabulario novo: Aprender xunto co substantivo a respectiva forma do plural 	<ul style="list-style-type: none"> - Falar sobre preferencias no traballo - Sacar citas e tarefas de traballo de correos electrónicos - Encher un cuestionario sobre os medios para comunicarse dos que un dispón - Estruturar unha chamada telefónica
	IV- Discursivos	V- Gramaticais /fonéticos	VI- Léxicos
	<ul style="list-style-type: none"> - E-Mails breves do ámbito do traballo - Conversas telefónicas - Cuestionario 	<p>Contidos gramaticais:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O artigo determinado en nominativo e acusativo -O artigo indeterminado en nominativo e acusativo -A negación con „kein“ en nominativo e acusativo -Verbos con acusativo: „haben“, „brauchen“, „suchen“, etc. -A formación do plural do substantivo -As diferentes desinencias do plural <p>Contidos fonéticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Observar a pronuncia da vogal „ü“ e diferenciala correctamente 	<ul style="list-style-type: none"> - Fórmulas de saúdo e despedida ao teléfono - Obxectos e aparatos habituais nunha oficina - Tipo de ordenadores - Tipo de documentos - Mobles

		das vogais „i“ „u“ -Diferenciar entre „ü“ longa e curta	
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - Sabe saudar e identificarse por teléfono e despedirse - Pode preguntar pola localización dun obxecto - É quen de dicir que alguén posúe algo 			

UNIDADE 7			
TITULO: Du kannst wirklich toll...!			
NIVEL	Básico A1	2 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Facer unha suposición - Facer un cumprimento ou un piropo - Expresar habilidade ou capacidade - Falar sobre as actividades de ocio e tempo libre e preguntar por elas - Preguntar por gustos e preferencias dos demais - Preguntar pola frecuencia coa que se practica ou se fai algo - Diálogos sinxelos con peticións - Contidos léxico-semánticos: - Afeccións - Hobbys - Deportes - Edificios nunha cidade - Adverbios de frecuencia - Adverbios de modo 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	<ul style="list-style-type: none"> - Referencia ao músico clásico Johann Sebastian Bach - Facer e recibir cumprimentos: Utilización de fórmulas de cortesia - Pedir algo e reaccionar axeitadamente 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexia para a produción escrita: cando se contesta a un E-Mail, unha carta ou un whatsapp: Ler detidamente o texto, marcar as preguntas e tomar apuntamentos para a resposta - Estratexia para memorizar vocabulario novo: aprender o nome xunto co verbo („Freunde treffen“) 	<ul style="list-style-type: none"> - Facer unha suposición - Facer un cumprimento ou piropo - Expresar habilidade e capacidade - Falar sobre actividades de ocio e tempo libre - Preguntar por gustos e preferencias - Preguntar pola frecuencia coa que se realiza algo
	IV- Discursivos	V- Gramaticais /fonéticos	VI- Léxicos
	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas sobre os hobbys dos mozos - E-Mail breve (tema: 	Contidos gramaticais: <ul style="list-style-type: none"> - A conxugación en presente do verbo modal 	<ul style="list-style-type: none"> - Afeccións - Hobbys - Deportes

	ocio)	<p>„können“</p> <ul style="list-style-type: none"> - A conjugación dos verbos „fahren, lesen, treffen“ - Sintaxe: Paréntese oracional (verbos modais) <p>Contidos fonéticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observar onde recae o acento en oracións enunciativas co verbo modal „können“ - Observar o acento, melodía e entoación en oracións enunciativas e interrogativas 	<ul style="list-style-type: none"> - Edifícios nunha cidade - Adverbios de frecuencia - Adverbios de modo
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - Sabe facer unha suposición. - Pode expresar un piropo. - Pode expresar unha capacidade ou habilidade. - Sabe falar das actividades de ocio e tempo libre. 			

UNIDADE 8			
TITULO: Kein Problem. Ich habe Zeit.			
NIVEL	Básico A1	2 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Facer unha suposición - Preguntar e dicir a hora - Propoñer unha cita a alguén - Falar sobre actividades cotiás durante a semana - Describir plans futuros - Dicir o meu día da semana favorito ou parte do día favorita - Aceptar ou rexeitar cortesmente unha invitación ou unha proposta - E-Mails corteses e descorteses - Whatsapp declinando unha proposta - Invitación por escrito (E-Mail, nota, ...) - Breve Chat buscando un acordo para saír 		
COMPETENCIAS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
E	<ul style="list-style-type: none"> - Clasificar horas do día - Determinar o grao de cortesía nun correo - Escribir un convite - Aceptar e anular un convite 	<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a comprensión escrita: buscar información importante en anuncios e marca - Estratexias para 	<ul style="list-style-type: none"> - Facer unha suposición - Preguntar a hora - Dicir a hora - Propoñer unha cita - Aceptar ou rexeitar unha cita - Falar sobre actividades cotiás
CONTIDOS			

		memorizar vocabulario: Memorizar palabras en grupos („ <i>Montag, Dienstag, Mittwoch,..</i> “)	durante a semana - Describir plans futuros - Indicar o día da semana favorito
	IV- Discursivos	V- Gramaticais /fonéticos	VI- Léxicos
	Recoñecer os estilos e rexistros dun texto Introducir unha achega no debate Interromper de forma cortés Pedir a quenda de palabra Reaccionar axeitadamente cando se está interrompendo Respectar a quenda de palabra	Saber comportarse axeitadamente en debates Formular información complexa de forma clara e estruturada	
	IV- Discursivos	V- Gramaticais	VI- Léxicos
	Entrevista Conversas formais e informais Debates	Estilo verbal e estilo nominal. A estrutura das oracións: a expresión de relacións causais. A formación de adxectivos.	Actividades económicas e comerciais, compras, aforros e débedas. O sistema bancario e as actividades bancarias.
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			

- Comprende as ideas principais dun informe radiofónico: servizo de pagos unificados en Europa.
- Comprende un artigo xornalístico: feliz sen cartos.
- Comprende unha entrevista: saír das débedas.
- Comprende e resume ou parafrasea textos extensos sobre a área das finanzas, incluídas as intencións implícitas do autor.
- É capaz de obxectar ou apoiar as teses e argumentos do texto.
- Pode participar en debates sobre temas económicos aportando argumentos e información e comportándose axeitadamente nas quendas de palabra

UNIDADE 2			
TÍTULO: PSICOLOXÍA			
NIVEL	Avanzado C.1.2	9 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABALLO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Describir, interpretar e expresar emocións e sentimentos tendo en conta o rexistro da linguaxe axeitado e diferenzas culturais. - Resolver conflitos con actitudes emocionais axeitadas e argumentar o seu punto de vista apoiándose con argumentos. 		
COMPETENCIAS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	O comportamento en situacións de conflito	Tomar apuntes nunha clase maxistral Destacar os puntos máis interesantes dun texto	Definir e explicar terminoloxía Parafrasear un texto científico Descibir, expresar e comentar emocións como: alegría, felicidade, confianza, desconfianza, seguridade, inseguridade, aprecio e desprezo, rabia, intimidación, temor, ansiedade, vergoña, arrepentimento, etc. Desculparse, aceptar ou rexeitar desculpas Descibir con detalle o comportamento emocional Aconsellas e avaliar as reaccións emocionais Asentir ou disentir as opinións de outros Expresar a súa opinión en detalle alegando argumentos e exemplos Formular expectativas
	A voz pasiva e as construcións alternativas como estilo de texto en alemán	Saber interpretar e avaliar gráficos e expoñer os resultados Deducir conclusións propias e apoiadas con argumentos e exemplos	
CONTIDOS	IV- Discursivos	V- Gramaticais	VI- Léxicos
	Entrevista Interpretación de un gráfico	A voz pasiva: construcións alternativas con xerundio, a pasiva con bekommen + Partizip II, a pasiva con verbos modais A formación de palabras: adxectivos con sufixos	Identidade persoal: os caracteres individuais Os estados de ánimo e saúde mental Terminoloxía psicolóxica

AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES	
<ul style="list-style-type: none"> - Describe, interpreta e expresa emocións e sentimentos tendo en conta o rexistro da linguaxe axeitado e diferenzas culturais. - É capaz de resolver conflitos con actitudes emocionais axeitadas e de argumentar o seu punto de vista apoiándose con argumentos. 	

UNIDADE 3
TÍTULO: CIDADE E VILA

NIVEL	Avanzado C.1.2	9 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABALLO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Destacar a información decisiva dun texto, tamén a implícita e resumir o texto describindo a opinión implícita do autor - Participar en debates tamén con achegas sobre temas complexos e retomar os argumentos dos adversarios para obxectalos. 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	Institucións de investigación: Frauenhofer-Gesellschaft Arquitectura moderna: Frei Otto A cultura do debate político Reseña de película cinematográfica	Estruturar a achega a un debate Acordar estratexias argumentativas en grupo	Supoñer e predicir Entender e formular relacións condicionais complexas Entrevistar e contestar preguntas nunha entrevista Definir termos e describir características típicas Expresar relacións concesivas complexas e variadas.
	Uso dos conectores para estruturar a achega a un debate Usar os adverbios axeitados para aclarar, precisar e introducir exemplos	Retomar os argumentos do adversario e quitarlles peso ou conxeturalos Reaccionar aos argumentos doutros participantes no debate, comentalos e contrapoñer a propia opinión apoiándose con argumentos propios Resumir un texto resaltando a información esencial e os puntos de vista de cada achega, aínda que se manifeste de forma implícita.	
	IV- Discursivos	V- Gramaticais	VI- Léxicos
	Debate Narración de experiencias	Conectores condicionais e concesivos Adxectivos e participios que rexen preposicións A utilización de adverbios para precisar	Goberno, política e sociedade: expresións para comentar o desenvolvemento de debates; adverbios para introducir precisións. Vivenda, fogar, contorna: a

			arquitectura urbana e na vila O medio natural nas grandes metrópoles: tecnoloxía, economía e investigación Saúde e alimentación: a comida ecolóxica
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - É capaz de destacar a información decisiva dun texto, tamén a implícita e resumir o texto describindo a opinión implícita do autor - Pode participar en debates tamén con achegas sobre temas complexos e retomar os argumentos dos adversarios para obxectalos. 			

Bloque 2: Avaliación de xuño

UNIDADE 4			
TÍTULO: LITERATURA			
NIVEL	Avanzado C.1.2	9 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Interpretar textos literarios tendo en conta os distintos estilos e xéneros literarios. - Formular reseñas. - Expresar os seus propios gustos apoiándose en exemplos, descrições de estilo e resumos do contido 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	Literatura actual alemá: conto curto, novela. Cine Workshop literario: Poesía	Apoiar argumentos con citas e exemplos Interpretar obras de arte en literatura e cine	Interesarse polos intereses dos demais (des-)animar a lectura dun libro Caracterizar persoas Compadeecer, expresar resignación e esperanza Expresar aprecio Comprender insultos Felicitar e condoler (de forma irónica) Expresar simpatía e desprezo Formular suposicións Comprender e expresar relacións temporais complexas Modificar e completar un poema respectando rima e verso
	Distinguir entre linguaxe coloquial e formal	Recoñecer a estrutura argumentativa dun texto	
	IV- Discursivos	V- Gramaticais	VI- Léxicos

	Descrición e comparación de pósters e portadas de libros Descrición de fotos Conversa sobre literatura	Variantes na orde dos elementos da oración Formación de palabras: sufixos nominais Oracións complexas con conectores temporais e finais	Terminoloxía literaria Expresións idiomáticas coloquiais O mundo editorial A interpretación de obras literarias e cinematográficas
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - É capaz de interpretar textos literarios tendo en conta os distintos estilos e xéneros literarios. - Pode formular reseñas. - É capaz de expresar os seus propios gustos apoiándose en exemplos, descricións de estilo e resumos do contido 			

UNIDADE 5			
TÍTULO: CONTACTOS INTERNACIONAIS			
NIVEL	Avanzado C.1.2	10 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABALLO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos escritos e orais sacando os puntos clave e resumilos ou parafrasealos, deducir conclusións propias, expoñelas e apoialas con argumentos e exemplos. - Saber evitar ou solucionar problemas de malentendidos interculturais no ámbito privado e laboral 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	Malentendidos en conversas interculturais Experiencias laborais no estranxeiro Condições de aluguer usuais	Comprender as regras de cortesía nos países de fala alemá Comprender a importancia e saber participar en conversas de <i>small talk</i>	Saudar, invitar, felicitar e agradecer Actuar de forma cortés e facer cumpridos axeitados Comprender consentimento e consentir Aconsellar, tranquilizar, animar e instruír Expresar arrepentimento, alertar Desestimar, propoñer alternativas, acordar Expresar confianza Comparar, avaliar e xulgar Formular e comprender relacións consecutivas complexas
	Saber saudar e despedirse de forma axeitada Empregar fórmulas de cortesía en negociacións e solicitudes	Comportarse correctamente en ambientes interculturais Recoller a información principal dun texto Resumir as conclusións dunha conferencia Destacar os puntos clave Formular deducións propias ben razoadas	
	IV- Discursivos	V- Gramaticais	VI- Léxicos

	Narración de experiencias dar consellos	Conectores consecutivos e modais A comparación Formación de verbos: os prefixos –er e re-	Traballo e actividades comerciais: no posto de traballo, descrición de mentalidades nacionais, negociación Identidade persoal: experiencia laboral, carácter Vivenda e actividades comerciais: contratos de aluguer
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - É capaz de analizar textos escritos e orais sacando os puntos clave e resumilos ou parafrasealos, deducir conclusións propias, expoñelas e apoialas con argumentos e exemplos. - Sabe evitar ou solucionar problemas de malentendidos interculturais no ámbito privado e laboral 			

UNIDADE 6			
TÍTULO: INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA			
NIVEL	Avanzado C.1.2	10 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual, parella, grupo e pleno	MODALIDADE DE TRABALLO
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender textos especializados o técnicos, recoñecer as palabras claves e o contido decisivo e a opinión do autor, tamén se se presenta de forma implícita, grotesca ou irónica. - Deducir conclusións propias e saber expoñelas en comentarios extensos, detallados e ben argumentados 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Pragmáticos (estratexias e mediación)	III- Funcionais
	A ética da ciencia e da tecnoloxía Audiolibros	Recoñecer as palabras clave dun texto Recoñecer o carácter grotesco ou irónico dun texto	Describir unha foto e formular suposicións Formular propostas para o uso de dróns Sacar a información decisiva dun texto para identificar criterios de avaliación para uns inventos Describir inventos ou aparatos técnicos Comprender unha discusión sobre o valor da ciencia Identificar palabras clave nun texto
	Uso da entoación para contradicir e corrixir	Recoñecer avaliacións implícitas en comentarios Parafrasear noticias curtas Expoñer a propia opinión nun discurso de varios minutos Recoñecer a ironía ou o grotesco cun texto	Parafrasear unha noticia Formular unha opinión propia sobre un tema concreto Expoñer a opinión propia nun texto extenso Avaliar a adecuación, utilidade e o estilo dun texto
	IV- Discursivos	V- Gramaticais	VI- Léxicos

	Descripción Exposición da opinión	Preposicións de xenitivo Oracións participiais Formación de palabras: os prefixos <i>durch-, über-, um-, unter-</i>	Ciencias, tecnoloxía e saúde: a investigación na tecnoloxía e medicina Filosofía e ideoloxía: conviccións éticas Goberno e política: no parlamento europeo
AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES			
<ul style="list-style-type: none"> - Comprende textos especializados o técnicos, reconece as palabras claves e o contido decisivo e a opinión do autor, tamén se se presenta de forma implícita, grotesca ou irónica. - É capaz de deducir conclusións propias e pode expoñelas en comentarios extensos, detallados e ben argumentados. 			

5. ALUMNADO NON OFICIAL

5.1 Competencias orais B1/B2

Para poder dar unha solución aos alumnos que quedaron sen grupo e polo tanto sen continuidade, creamos estas competencias orais coas que pretendemos que non se esquezan da lingua, coa esperanza de poder ofertar todos os niveis requiridos en vindeiro curso académico.

Estas destrezas orais desenvolveranse os mércores en horario de 20:00 a 22:00.

As actividades de aula consistirán en reforzar as destrezas orais, para iso usaremos pequenos textos (orais ou escritos) ou vídeos para darlle ao alumnado o estímulo adecuado para falar. Os temas serán os propios deste nivel: familia, traballo, afeccións, viaxes, cultura, técnica, vida social, etc. Tentaremos na medida do posible adaptarnos aos gustos do alumnado e buscaremos a interacción entre eles de maneira individual, en parellas e grupal, traballando o máximo número de actividades posibles.

5.2 Competencias orais C1

Con estas competencias pretendemos, que aquel alumnado, que xa rematou a súa ensinanza oficial da lingua alemá na escola, teña unha saída para poder seguir practicando a lingua.

Estas destrezas orais desenvolveranse os luns en horario de 20:00 a 22:00.

Tentaremos mediante o uso de textos escritos, orais e vídeos, estimular a capacidade de diálogo do noso alumnado. Para iso tamén veremos novo vocabulario para que consigan expresarse e defenderse na fala sobre temas específicos e típicos do nivel C, como poden ser as finanzas, leis, arte, literatura,... así como tamén temas de actualidade que poidan ser do seu interese e temas suxeridos polo propio alumnado.

6. METODOLOXÍA

As ensinanzas de linguas parten dun modelo de lingua que ten unha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase do enfoque orientado á acción que promulga o MECR e, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos no currículo establecido polo decreto 81/2018, tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado.

Este enfoque metodolóxico posibilita que o alumnado se implique no proceso de aprendizaxe mediante tarefas deseñadas en función dos obxectivos fixados para as diferentes destrezas, de xeito que permita a convivencia de distintos estilos de aprendizaxe.

A finalidade deste enfoque será a activación da variedade de procesos e habilidades necesarios para levar a cabo tarefas nas que se realizarán actividades de comprensión, expresión e interacción e que englobarán todos os compoñentes curriculares (os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación). Non se trata de ver nas aulas os distintos contidos de forma illada. Aínda que, por razóns estruturais, estes aparezan no currículo separadamente, terán que ser integrados na realización das diferentes tarefas e actividades, para preservar en todo momento o sentido comunicativo no proceso de ensino-aprendizaxe.

Así mesmo, propónse un enfoque metodolóxico individualizado e centrado no aprendizando na medida en que se terán en conta os intereses, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado para a selección e secuenciación de tarefas e materiais, dentro do marco curricular no que se desenvolven os cursos da EOI.

Establecerase a lingua obxecto de aprendizaxe como vehículo de comunicación na clase con fin de ofrecer aos aprendizandos un *input* adicional na lingua meta e modelos lingüísticos que poidan imitar. O uso doutras linguas na clase poderá non estar totalmente excluído, especialmente no nivel básico 1 con alumnado que parte de cero, pero a súa presenza deberá ser sempre ocasional, e polo tanto, considerabelmente menor que a presenza da lingua que se está a aprender.

Considerarase a gramática (entendendo por “gramática” calquera forma de descrición metalingüística) un medio, nunca unha finalidade ou un obxectivo en si mesma. Neste sentido, o erro será considerado natural e necesario para a aprendizaxe, xa que o obxectivo non é a perfección, senón a eficacia comunicativa cos instrumentos dos que se dispón en cada nivel.

7. RECURSOS

7.1 Humanos

Cóntase cunha única profesora no departamento de Alemán:

- Blanca Sánchez Sampedro (que impartirá os niveis Básico A1, Básico A2, Avanzado C1.2, Competencias orais B1/B2, Competencias orais C1, e tamén asumirá as funcións da xefatura do departamento).

7.2 Espaciais

Empreganse as aulas 1B, 2B e 3A, así como a biblioteca, dado que o alumnado que asiste a

competencias de C1 é superior ao número de asentos da aula que tiñamos asignada (3A) e a esa hora están todas as aulas grandes ocupadas. Os cursos impártense no horario que a continuación se indica:

Grupo	Horario	Aula
Básico A1	Luns/Mércores - 18.00 - 20.00 h.	1 B
Básico A2	Martes/Xoves - 20.00 - 22.00 h.	2 B
Avanzado C1.2	Martes/Xoves - 18.00 - 20.00 h.	3 A
Competencias B1/B2	Mércores - 20.00 - 22.00 h.	3 A
Competencias C1.1	Luns - 20.00 - 22.00 h.	Biblioteca

Tamén se fará uso doutras dependencias da escola en casos puntuais e sempre que sexa preciso: biblioteca, sala de lectura, aula de recursos, xardín...

7.3 Materiais

Priorizarase a utilización dun libro de texto, que é un material moi útil tanto para o profesorado como para o alumnado, xa que serve de guía para ambos os dous. Isto non exclúe o uso doutros materiais complementarios como textos (tanto auditivos como visuais) auténticos, sempre axeitados para os niveis correspondentes e que exemplifiquen un uso real da lingua.

Libros de texto:

Curso e etapa	Título, autor, editorial, e ISBN
Básico A1	- <i>Menschen A1</i> <i>Kursbuch mit DVD-ROM</i> Franz Specht, Sandra Evans, Angela Pude Hueber Hueber ISBN 978-3-19-211901-9
	- <i>Menschen A1</i> <i>Arbeitsbuch mit Audio-CD</i> Monika Reimann, Angela Pude, Sabine Glas-Peters Hueber ISBN 978-3-19-111901-0
Básico A2	- <i>Menschen A2</i> <i>Kursbuch mit DVD-ROM</i> Franz Specht, Charlotte Habersack, Angela Pude Hueber ISBN: 978-3-19-211902-6
	- <i>Menschen A2</i> <i>Arbeitsbuch mit 2 Audio-CDs</i> Franz Specht, Charlotte Habersack, Angela Pude Hueber ISBN: 978-3-19-111902-7

	- <i>Sicher! C1.2 Kurs- und Arbeitsbuch mit Audio-CD zum Arbeitsbuch, Lektionen 7–12</i>
Avanzado	Michaela Perlmann-Balme, Susanne Schwalb, Magdalena Matussek.
C1.2	Hueber
	ISBN: 978-3-19-701208-7

Favorecerase o uso das versións electrónicas dos libros de texto, para o que contamos coa aplicación en liña *blinklearning*, para a cal a propia editorial nos concedeu as claves de acceso.

Fomentárase tamén o uso de dicionarios on-line, tanto monolingües como bilingües dependendo do nivel, tales como Pons, Duden, etc.

Ademais tamén se disporá de aulas virtuais coas que compartir ligazóns e materiais en liña co alumnado a través da plataforma *Moodle*.

7.4 Dixitais/en liña

Apps

Recoméndase o uso de aplicacións móbiles gratuítas fóra da aula que tamén poidan favorecer e facilitar a aprendizaxe da lingua, como poden ser:

<https://de.duolingo.com/course/de/en/Lerne-Deutsch-Online>

<http://www.funeasylearn.com/es/app/aprender-aleman/>

<https://www.busuu.com/es/register?learning=de>

<https://www.mosalingua.com/es/apps/aleman/>

Recursos web colaborativos

Hai outras aplicacións ou webs coas que os alumnos poderán maximizar os seus esforzos, xa que a aprendizaxe colaborativa tamén facilita non só o uso da lingua obxecto de aprendizaxe senón a interacción cos compañeiros. Estas ferramentas vense na aula e proponse o seu traballo con elas fóra da mesma:

<https://quizlet.com/es> (método para traballar e aprender vocabulario por unidades, tamén de maneira colaborativa)

https://www.mindmeister.com/es?utm_source=gadb&utm_medium=search&utm_campaign=-es_es-&utm_content=mm&gclid=CjwKCAjw54fdBRBbEiwAW28S9pp4Gw8FYRxAIorLSGNZ4DsrBw2phGStbdpR4_2n5UYUeyE1tOsoBoCdhYQAvD_BwE

(permite a creación de ata 3 mapas mentais gratuítos que se poden traballar de maneira colaborativa)

Páxinas web

Na rede contamos cun amplo abano de páxinas web que facilitan a aprendizaxe do alumnado e que poden ser unha ferramenta moi útil, xa que favorece o aprender a aprender e a aprendizaxe autónoma:

Recursos on-line para o adestramento do alemán

<https://deutschlernerblog.de/>

(páxina web moi completa para adestrar calquera dos niveis que se imparten na EOI, inclúe todas as destrezas e conta con modelos de exame tanto das EOI como doutras institucións

avaliadoras)

<http://www.deutsch-als-fremdsprache.de/daf-uebungen/>

(http://www.iik.de/uus_index.html

(exercicios interactivos para adestrar as destrezas para todos os niveis e xogos de lingua)

<https://www.goethe.de/de/spr/ueb.html>

Deutsch Training

<http://deutschtraining.org/>

BÁSICO/INTERMEDIO/AVANZADO

<http://www.nthuleen.com/teach.html>

INTERMEDIO/AVANZADO

<http://www.dw.com/de/deutsch-lernen/s-2055>

Pronuncia e fonética (Aussprache)

http://www.hauptstrasse117.uni-jena.de/en/01/01_01_e.html

<http://simsalabim.reinke-eb.de/>

<http://www.dw.com/de/deutsch-lernen/sprachbar/s-9011> (C1-C2)

Podcast

INTERMEDIO-AVANZADO

<http://www.goethe.de/lrn/prj/gad/deindex.htm>

<http://www.dw.com/de/media-center/podcasts/s-100976>

<https://slowgerman.com/>

<http://www.tagesschau.de/infoservices/podcast/index.html>

AVANZADO

<http://www.goethe.de/lrn/prj/rod/deindex.htm>

<https://www.goethe.de/de/kul/mus.html> (Música actual)

<http://www1.wdr.de/fernsehen/wissen/quarks/indexquarks100.html> (Ciencia para todos)

<http://www.podcast.de/>

http://www.dw.com/de/das-filmmagazin-von-dw-radio/a-4018519?maca=de-podcast_film-3720-xml-mrssp

<http://www1.wdr.de/radio/index.html>

<http://www.deutschlandradio.de/>

<http://www.ardmediathek.de/tv>

Audios und Videos der ARD.

"Grüße aus Deutschland" (Goethe-Institut)

<http://www.goethe.de/lrn/prj/gad/deindex.htm> (cultura e lingua)

BÁSICO / INTERMEDIO

BR.DE Mediathek

<http://www.br.de/mediathek/index.html>

BR Mediathek PODCAST

<http://www.br-online.de/podcast/>

SWR Mediathek

http://swrmediathek.de/content/podcast_uebersicht.htm

Prensa

Xornais diarios

<http://www.abendblatt.de/> (Hamburger Abendblatt)

<http://www.bild.de/>

<http://www.faz.net/> (Frankfurter Allgemeine)

<http://www.taz.de/> (**Berliner Tageszeitung**)

<http://www.welt.de/> (**Die Welt**)

política e noticias

<https://www.focus.de/>

<http://www.spiegel.de/> (política.)

<http://www.stern.de/> (reportaxes.)

<http://www.zeit.de/index> (política, economía, saber e cultura)

Viaxes

<https://www.reisen-magazin.at/>

<https://reisenexclusiv.com/>

<https://www.abenteuer-reisen.de/reisen/reisen-laenderberichte/>

<https://looping-magazin.de/>

Ciencia

<https://www.forschung-und-wissen.de/>

<https://www.spektrum.de/>

<https://www.wissenschaft.de/>

<http://www.scinexx.de/>

<https://www.wissenschaft-aktuell.de/>

Vídeos

<https://www.planet-schule.de/sf/filme-online.php?reihe=1419&film=10005>

Gramática

<http://www.mein-deutschbuch.de/index.php?site=home>

(básico, intermedio e avanzado)

<https://deutsch.lingolia.com/de/>

(BÁSICO /INTERMEDIO)

<http://www.iik.de/uebungen/uebungsseite/menue.html>

(BÁSICO /INTERMEDIO)

<http://donnerwetter.kielikeskus.helsinki.fi/DVG/de-Gesamtverzeichnis.htm>

(BÁSICO /INTERMEDIO)

http://www.schubert-verlag.de/aufgaben/uebungen_a1/a1_uebungen_index_z.htm

(BÁSICO /INTERMEDIO /AVANZADO)

<http://personales.upv.es/~dagil/temasweb/wechselpropositionen.htm>

(BÁSICO Wechselpräposition)

<http://www.udoklinger.de/Deutsch/Grammatik/Frame1.htm>

(BÁSICO /INTERMEDIO /AVANZADO)

http://www.ralf-kinas.de/index.html?http://www.ralf-kinas.de/uebungen/ueb16/ueb_16.html

(AVANZADO)

<https://www.alemansencillo.com/gramatica>

<http://www.canoo.net/services/OnlineGrammar/Wort/Ueberblick/index.html?MenuId=Word0>

Dicionarios bilingües

<http://de.pons.com/>

<http://dix.osola.com/index.php>

Dicionarios monolingües

<http://www.dwds.de/>

<https://de.wiktionary.org/wiki/Wiktionary:Hauptseite>

<https://www.openthesaurus.de/>

<http://www.redensarten-index.de/suche.php>

Tandem

Unha boa maneira de practicar o alemán é mediante un tandem, que poden facer vía Skype, etc.

<http://www.italki.com/home>

<http://www.deutsch-als-fremdsprache.de/austausch/forum/list.php?5>

<https://www.tandem.net/de/>

<http://www.conversationexchange.com>

Subscripcións

O departamento conta desde hai anos coa subscripción á revista *Deutsch Perfekt*, de aparición mensual e cun CD.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aínda que o alumnado é moi diverso, tanto en idades, como en experiencias, cultural e socialmente presentan un nivel relativamente homoxéneo.

No caso de matricularse algún aprendiz que precise adaptacións contarase co apoio da consellería, xa que o profesorado non dispón de formación suficiente ao respecto para tratar os múltiples tipos de diversidades que se poden atopar. Con todo, intentarase adaptar as circunstancias das sesións e dos exames na medida do posible, xa que todo o mundo ten dereito á unha educación inclusiva, enfocada á individualidade e de calidade.

Traballarase para integrar a todos os alumnos, salientando o mellor de cada un e fomentando o traballo colaborativo, para que poidan aprender os uns dos outros. A maiores, sempre que sexa posible, traballarase con tarefas con distintos graos de dificultade para que a aprendizaxe sexa o máis individualizada posible.

Tamén se intentará, na medida do posible, colgar materias na aula virtual para que eles poidan facer actividades de ampliación ou de repaso se o consideran necesario.

O profesorado do departamento conta cunha hora de tutoría semanal para axudar a progresar a aqueles aprendentes que o precisen.

9. AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, de ser o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos. A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Neste contexto, o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial ou de diagnóstico (todos os niveis)
- Avaliación de progreso ou formativa (todos os niveis)
- Avaliación de promoción (cursos non terminais de nivel)
- Avaliación certificadora (cursos terminais de nivel)

- A autoavaliación (todos os niveis)

9.1 Avaliación inicial ou de diagnóstico (todos os niveis)

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendentes que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

Ao longo do mes de setembro as escolas poderán realizar modificacións na adscrición inicial do alumnado de novo acceso que precise unha nova valoración do seu nivel de dominio do idioma, co obxecto de asignarlle praza nun nivel distinto. Esta reasignación realizarase por proposta xustificada do/a profesor/a do grupo, ratificada polo departamento. Para tales efectos, os departamentos determinarán o nivel que lle corresponde a través dunha proba de clasificación. A nova adscrición estará suxeita á dispoñibilidade de prazas e non suporá, en ningún caso, a expedición do certificado do nivel ou do curso de procedencia do/a alumno/a. O/a alumno/a deberá aceptar a reasignación de curso, asinando o documento da proposta. Este documento, xunto coa solicitude de reasignación, constarán no seu expediente.

9.2 Avaliación de progreso ou formativa (todos os niveis)

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda a orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas. Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe, a través de actividades e observacións durante as sesións, así como, ocasionalmente, mediante probas concretas tipo test ou similares.

No marco da avaliación formativa terán lugar as **probos parciais de progreso**. Ao finalizar o primeiro cuadrimestre, no mes de febreiro, realizarase esta proba ao alumnado oficial de todos os cursos. Esta proba terá unicamente valor orientativo para o alumnado e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e facer axustes ou reprogramar de ser preciso.

Os departamentos didácticos establecerán criterios para a valoración positiva do rendemento e da participación do alumnado na aula. Esta valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

9.3 Avaliación de promoción (nivel A1)

Este tipo de avaliación levarase a cabo nos cursos non certificadores, dos que actualmente, na escola unicamente se imparte o nivel básico A1, e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua. Valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

Nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba final de promoción elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.

A proba de promoción realizarase a comezos do mes de xuño, en convocatoria ordinaria, e a mediados do mes de xuño en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria de principios de xuño.

9.4 Avaliación certificadora (niveis A2, e C1.2)

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel. A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

a) Nivel básico A2

As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaránse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

A puntuación total da proba de certificación para o nivel A2 será de 100 puntos. Para obter a cualificación de APTO será preciso que se obteñan 15 puntos de 25 (o 60%) en cada unha das actividades de lingua; é necesario aprobar todas e cada unha das actividades de lingua para superar a proba de certificación. O alumnado oficial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non aprobadas na convocatoria ordinaria.

ACTIVIDADE DE LINGUA	Puntuación mín.	Puntuación máx.
Comprensión de textos escritos	15 puntos	25 puntos
Produción, Coprodución e Mediación escrita	15 puntos	25 puntos
Comprensión de textos orais	15 puntos	25 puntos
Produción, Coprodución e Mediación oral	15 puntos	25 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL	60 puntos	100 puntos

A escola oficial de idiomas na que se realiza a proba expediralles o correspondente certificado de nivel básico A2 a aquelas persoas candidatas que superen esta proba. Para obter este certificado acreditativo, a persoa candidata non terá que realizar ningún trámite. A EOI, logo de emitir os ditos certificados, realizará a comunicación oportuna.

De non obterem a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua na convocatoria extraordinaria, as persoas candidatas deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as actividades de lingua. As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

b) Nivel avanzado C1.2

As probas correspondentes ao nivel avanzado C1 estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos orais, comprensión de textos escritos, produción e coprodución de textos escritos, e mediación (escrita + oral).

A puntuación total da proba de certificación para o nivel C1 será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba (81,25 puntos).

O alumnado presencial que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse na convocatoria extraordinaria das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16,25 puntos). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

ACTIVIDADE DE LINGUA	Puntuación mín.	Puntuación máx.
Comprensión de textos escritos	12,5 puntos	25 puntos
Produción e coprodución de textos escritos	12,5 puntos	25 puntos
Comprensión de textos orais	12,5 puntos	25 puntos
Produción e coprodución de textos orais	12,5 puntos	25 puntos
Mediación (oral e escrita)	12,5 puntos	25 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL	81,25 puntos (65%)	125 puntos

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por proposta da escola oficial de idiomas na que se realiza a proba, expediralles o correspondente certificado de **nivel avanzado C1** a aquelas persoas candidatas que superasen estas probas, **unha vez que a persoa candidata o solicite e aboe os prezos públicos correspondentes** á expedición do dito certificado na secretaría do centro examinador.

De non obterem a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua na convocatoria

extraordinaria, as persoas candidatas deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as actividades de lingua.

Con todo, as persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

9.5. Autoavaliación (todos os niveis)

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de autoregular e ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización, etc.) ás necesidades do alumnado.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A organización de actividades propias do departamento dependerá da dispoñibilidade horaria e de espazo na escola, así coma da predisposición para a participación por parte do alumnado. Intentaranse organizar charlas, festas e demais actividades que favorezan a interacción conxunta do alumnado dos diferentes cursos e de diferentes niveis, ou mesmo de diferentes idiomas.

10.1 Participación do departamento de alemán na biblioteca escolar

O departamento de alemán tomará parte nas actividades programadas para a biblioteca, xa que forma parte da biblioteca escolar e colaborará coa coordinadora de biblioteca en todo o que sexa posible para contribuír deste xeito ao fomento do uso dos recursos bibliográficos (libros, películas, etc.). As actividades que se propoñen desde a biblioteca escolar son: exposicións bibliográficas, concursos, clubs de lectura, elaboración de quiz, etc. Este ano o lema da biblioteca xira entorno á música, polo que tentaremos explorar ese camiño que nos leva á lectura desde a música coas nosas biografías de grandes músicos, etc.

10.2 Calendario de actividades

A continuación preséntase unha temporalización das actividades nas que participará o departamento de alemán, a cal é de carácter orientativo e está supeditada á dispoñibilidade e predisposición de alumnado e profesorado. Así mesmo, poderán xurdir novas actividades que non estean recollidas nesta programación, pero que constarán na memoria final do departamento.

Setembro:

- Formación de usuarios: dar a coñecer o funcionamento da biblioteca ao noso alumnado.
- Adquisición de fondos para a biblioteca.
- Realización da Oktoberfest, celebración típica alemá con degustación de salchichas.

Outubro:

- Preparación do Quiz musical da biblioteca.
- Exposición de materiais relacionados coa temática do Samaín.
- Concurso de produtos con temática Samaín: A pantasma da casa do Óptico: preparación, bases e cartel.
- Preparación do primeiro club de lectura.
- Scape room Samaín A2, na noite do 31 de outubro.

Novembro:

- Creación de materiais para o club de lectura.
- Actividade/concurso: Quiz musical.
- Lectura e entrega premios do concurso de Samaín.
- San Martín (11 de novembro), actividade de aula para tratar esta celebración tan alemá e realización dun obradoiro de cociña para elaborar os Weckmänner.
- 25 de novembro: realización de actividades de aula para remarcar o día da violencia contra a muller.

Decembro:

- Realización do primeiro club de lectura (Nivel C).
- 10 de decembro: realización de actividades de aula para salientar o día dos dereitos humanos.
- Mostra de Nadal na biblioteca.
- Realización da actividade: O amigo invisible da biblioteca.
- Celebración dun Nadal alemá nunha festa de Nadal de aula con karaoke con canción alemáns, quiz de nadal, etc.

Xaneiro:

- Preparación da actividade: Cita a cegas cun libro.
- Mostra bibliográfica.

Febreiro

- Realización da actividade: Cita a cegas cun libro.
- Celebración do Carnaval alemán.

Marzo:

- Preparación da segunda xuntanza dos clubs de lectura (Nivel C).
- Elaboración de materiais para o club de lectura.
- Celebración da biblioteca lila. (8 de marzo).
- Celebración da Pascua alemá (Ostern) cun obradoiro de decoración de ovos de Pascua.

Abril:

- Segunda xuntanza dos clubs de lectura.

- 23 de abril, Día do Libro. Actividades de aula nos respectivos grupos sobre a lectura e quiz de aula con premio dun libro.
- Actividade de fomento da lectura nos niveis A1, A2 para a celebración do día do libro.

Maio:

- Celebración do Maifest, festa típica alemá de celebración da primavera.